

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15139 *Lei 8/2018, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

As bases económicas do réxime económico e fiscal das Canarias contidas na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, aspiraban a regular a economía canaria durante o tramo final do século XX e primeiras décadas do século XXI. Para isto ese texto legal contiña mecanismos de flexibilidade con que facer fronte a variantes que poderían suceder tanto no contorno económico internacional e comunitario como no nacional.

No entanto, a revisión da regulación comunitaria en materia de axudas estatais fixo necesaria a actualización dos incentivos fiscais contidos no réxime mediante o Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro. En concreto, o réxime adaptouse ao novo enfoque definido polas autoridades comunitarias no marco das axudas estatais, basicamente mediante a aplicación con carácter xeral do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE, en detrimento do esquema de notificacións e autorizacións seguido até ese momento.

As disposicións de carácter económico contidas no réxime, que non están suxeitas á supervisión periódica por parte das institucións europeas, permaneceron inalteradas durante máis de vinte anos. A este respecto, os profundos cambios estruturais na economía española e internacional que se produciron desde a aprobación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, que regula o réxime económico e fiscal das Canarias, fan necesaria a súa actualización para posibilitar un maior grao de cumprimento dos obxectivos deste. Esa actualización é precisamente a que aborda o presente texto legal.

Ademais, este texto, inclúe outras modificacións de mellora do réxime económico e fiscal das Canarias que obedecen á experiencia acumulada durante os anos en que estivo en funcionamento e que pretenden mellorar a operatividade dalgunhas das súas disposicións.

II

Ademais de reforzar os principios básicos consagrados pola Lei 19/1994, do 6 de xullo, esta modificación do réxime económico e fiscal das Canarias incorpora no título preliminar da dita lei os principios derivados do recoñecemento das Canarias como rexión ultraperiférica da Unión Europea en virtude do artigo 349 do Tratado de funcionamento da Unión, co obxectivo de que os cidadáns canarios, a pesar do afastamento, a insularidade e as limitacións estruturais permanentes, estean en igualdade de oportunidades fronte ao conxunto de cidadáns da Unión Europea e, para tal fin, débese modular a actuación estatal nas políticas económicas.

Ademais, inclúese unha referencia expresa a que as medidas recollidas no réxime terán en conta, con carácter xeral, a dobre insularidade das illas non capitalinas.

III

Atendendo á consideración de rexión ultraperiférica da Unión Europea, a modificación do réxime económico e fiscal das Canarias comprende un conxunto de medidas económicas destinadas a potenciar a cohesión económica, social e territorial do arquipélago e a competitividade dos seus sectores estratéxicos.

O título I da Lei 19/1994, do 6 de xullo, trata unha materia fundamental no contexto da economía e da sociedade canaria como é o transporte e as telecomunicacións. No que se refire ao transporte, recoñécese o carácter de servizo público esencial ao transporte público regular de persoas tanto por vía aérea como marítima. Neste senso, actualízase a porcentaxe de redución para os residentes nas illas Canarias tanto para os traxectos directos entre o arquipélago e o resto do territorio nacional como para os traxectos interinsulares no arquipélago canario. Así mesmo, impúlsase o sistema de compensacións ao custo efectivo do transporte interinsular marítimo e aéreo de mercadorías e entre as illas Canarias e a península, e o resto da Unión Europea.

Dada a súa natureza estratéxica, sublíñase o carácter esencial dos portos e aeroportos canarios para a cohesión económica, social e territorial do arquipélago e prevense medidas que incentivan unha maior conectividade das Canarias.

No que ás telecomunicacións se refire, atendendo ás especiais circunstancias de afastamento, insularidade e dispersión poboacional das illas Canarias, introdúcese medidas para garantir o acceso de toda a poboación das Canarias á información e ás novas tecnoloxías en condicións semellantes ás existentes no resto de España.

A modificación do título II da Lei 19/1994, do 6 de xullo, introduce medidas en relación co sistema de compensación do custo da xeración eléctrica das illas Canarias, coas cales se pretende garantir que os prezos do fornecemento eléctrico para os consumidores canarios sexan equivalentes aos do resto do territorio español. Neste contexto, como consecuencia das limitacións para a xeración de enerxía eléctrica concorrentes no arquipélago, facilítase o establecemento dun marco regulador que promova o autoconsumo e a introdución de enerxías renovables, cando estes supoñan unha redución do custo enerxético.

A xestión de residuos non estaba prevista na Lei 19/1994, do 6 de xullo, polo que se incorporan medidas para minimizar os riscos e o impacto ambiental da xestión, valorización, reciclaxe e descontaminación dos residuos nas Canarias, así como unha mellora no control de determinados residuos.

Adicionalmente, prevese o establecemento dun sistema de compensación que debe garantir a moderación dos prezos da auga desalinizada, rexenerada ou reutilizada até que alcance un prezo equivalente ao do resto do territorio nacional, así como os prezos da auga de consumo agrario froito da extracción de pozos e galerías para rega agrícola.

As modificacións do título IV da Lei 19/1994, do 6 de xullo, potencian a promoción turística do arquipélago coa definición dun plan estratéxico do turismo, impulsando, en particular, a formación profesional no sector turístico.

Co obxecto de impulsar a creación de emprego, o Estado terá en conta a situación económica, social e laboral das Canarias, dada a súa condición de rexión ultraperiférica da Unión Europea, na elaboración do plan anual de política de emprego, incorporando un plan de emprego para as Canarias.

No ámbito da formación, introdúcese un novo artigo na Lei 19/1994, do 6 de xullo, dedicado ás universidades das illas, no cal se salienta a súa importancia como centros de referencia vinculados á economía produtiva das Canarias para potenciar o desenvolvemento económico e social do arquipélago.

Para garantir a competitividade dos sectores agrícola e gandeiro de Canarias, fíxase un rango para o financiamento adicional das medidas de fomento das producións agrícolas locais autorizado pola Unión Europea no marco do Programa de opcións específicas de afastamento e insularidade.

Como parte da estratexia de promoción das Canarias como plataforma atlántica, modifícase o título VI da Lei 19/1994, do 6 de xullo, e poderanse establecer zonas francas en todo o territorio das illas Canarias de acordo co disposto no Regulamento n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o código aduaneiro da Unión.

O artigo un incorpora, ademais, unha disposición transitoria en relación coa redución na tarifa dos servizos regulares do transporte de viaxeiros dos traxectos marítimos interinsulares contido no artigo 6.1.a) da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

Na disposición adicional primeira regúlanse as subvencións ao transporte de mercadorías na Comunidade Autónoma de Canarias. Anualmente, a Lei de orzamentos xerais do Estado declarará ampliables os créditos para financiar estas subvencións.

IV

Dado que o contido deste texto supón a modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, pediuse o preceptivo informe do Parlamento de Canarias, exixido pola disposición adicional terceira da Constitución e polo artigo 46, número 3, do Estatuto de autonomía de Canarias, aprobado pola Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto. O Parlamento de Canarias, en sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de maio de 2017, procedeu a emitir o dito informe, que foi publicado no «Boletín Oficial del Parlamento de Canarias» n.º 150 o 16 de maio de 2017.

Artigo un. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias.*

A Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Finalidade da lei.*

A presente lei ten como finalidade:

- a) A actualización dos aspectos económicos do tradicional réxime económico fiscal das Canarias.
- b) Garantir que o afastamento e a insularidade e as limitacións estruturais permanentes das Canarias, que a converten en rexión ultraperiférica da Unión Europea de acordo co disposto no artigo 349 do Tratado de funcionamento, son compensadas a través de políticas específicas e suficientes.
- c) Desenvolver un conxunto estable de medidas económicas e fiscais encamiñadas a promover o desenvolvemento e a cohesión económica, social e territorial das Canarias, velando, en particular, pola efectiva atención das illas non capitalinas.
- d) Fomentar a internacionalización da economía canaria a través da promoción das Canarias como plataforma atlántica.»

Dous. A alínea a) do número 1 do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«a) As que obedezan a razóns sanitarias, fitosanitarias, ambientais, de orde pública ou outras internacionalmente admitidas.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Principios en materia de financiamento.*

1. O custo da actividade económica nas Canarias non debe situar o arquipélago nunha situación de desvantaxe respecto da media das restantes rexións do territorio nacional.

2. A existencia dun réxime económico e fiscal específico no arquipélago non dará lugar, en ningún suposto, á diminución do volume do gasto público estatal corrente e de investimento destinable ás illas en ausencia daquel.

3. O réxime económico e fiscal garante unha presión fiscal estatal menor xunto aos contidos das liberdades, compensacións e incentivos propios para o desenvolvemento económico do arquipélago.

4. Os recursos do réxime económico e fiscal son adicionais aos establecidos na política e na normativa vixente en cada momento para o financiamento da Comunidade Autónoma de Canarias e das súas entidades locais. Nos termos que determine a Lei orgánica 8/1980, de financiamento das comunidades autónomas, e as súas normas de desenvolvemento, estes recursos tributarios non se integrarán nin se computarán no sistema de financiamento autonómico para respectar o espazo fiscal propio canario e para que o seu desenvolvemento non penalice a autonomía financeira da Comunidade Autónoma de Canarias.

5. O réxime económico e fiscal das Canarias é de obrigado cumprimento, polo que as decisións das administracións públicas neste ámbito irán orientadas á consecución efectiva daquel.»

Catro. Engádesse un novo artigo 3 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. *Principios derivados da consideración das Canarias como rexión ultraperiférica.*

1. Tendo en conta o afastamento, a insularidade e as limitacións estruturais permanentes que confiren ás Canarias a condición de rexión ultraperiférica recoñecida polo artigo 349 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, os cidadáns canarios deben desfrutar das mesmas oportunidades que as que prevalecen no conxunto da Unión Europea, e para tal fin deberase modular a actuación estatal nas políticas económicas e fiscais.

2. Atendendo á consideración das Canarias como rexión ultraperiférica da Unión Europea, o réxime económico e fiscal das Canarias comprenderá un conxunto de medidas económicas e fiscais destinadas a garantir a cohesión económica, social e territorial do arquipélago e a competitividade de todos os sectores económicos.

3. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, terán en consideración, na aplicación das súas políticas e actuacións lexislativas e regulamentarias, así como nas súas decisións financeiras e orzamentarias, a condición das Canarias como rexión ultraperiférica da Unión Europea, e fixarán as condicións específicas para a súa aplicación no arquipélago. Esta valoración terá en conta ámbitos tales como a política aduaneira, a política de transportes e telecomunicacións e as súas infraestruturas, o mercado interior, a política comercial interior e exterior, as políticas enerxética e ambiental, os portos e aeroportos, a política fiscal, as zonas francas, a internacionalización, as políticas agrícola e pesqueira, as condicións de fornecemento de materias primas e de bens de consumo esenciais, a política industrial e as condicións de acceso ás axudas públicas.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 3 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 3 ter. *Principios derivados da cohesión social e territorial.*

1. As medidas compensatorias recollidas na presente lei terán en conta, con carácter xeral, os custos adicionais derivados das especiais condicións das illas non capitalinas.

2. Os poderes públicos promoverán e potenciarán a responsabilidade social corporativa das empresas nas Canarias.»

Seis. Modifícase o artigo 4, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Principios de continuidade territorial e liberdade de transporte.*

1. Os servizos de transporte aéreo marítimo, de persoas e mercadorías, rexeranse polos principios de continuidade territorial en razón da natureza insular e ultraperiférica das Canarias e de liberdade de transporte, nos termos previstos nesta lei, nas normas que a desenvolvan, nas disposicións comunitarias e nos convenios internacionais de aplicación.

2. Os principios de continuidade territorial e de liberdade de transporte marítimo e aéreo consagrados no número anterior atinxen a todo tipo de servizos, regulares ou non, de carácter interinsular, nacional e internacional.

3. Os ditos principios atinxen, igualmente, a todos os servizos auxiliares do transporte marítimo e aéreo, os cales poderán ser prestados directamente polas propias compañías ou contratados por estas a terceiras empresas non necesariamente de transporte.

4. Para lograr a competitividade dos portos e aeroportos con respecto doutros que pola súa proximidade xeográfica poidan resultar de uso alternativo, nas Canarias estableceranse reducións ou bonificacións sobre as taxas portuarias e aeroportuarias respecto das vixentes a nivel nacional, para así lograr a competitividade cos portos e aeroportos de uso alternativo. Para estes efectos prestarase especial atención ás taxas vinculadas ao tráfico de contedores.

5. Tendo en conta a condición de rexión ultraperiférica das Canarias e a dependencia do transporte aéreo para garantir a mobilidade dos seus residentes, o Estado promoverá ante a Unión Europea unha excepción ao sistema de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro na aviación establecido pola Directiva 2008/101/CE para os voos entre un aeroporto situado na rexión ultraperiférica das Canarias e outro aeroporto do Espazo Económico Europeo.

6. Os portos e aeroportos de titularidade estatal existentes nas Canarias que, de conformidade coa lexislación vixente, están declarados de interese xeral considéranse para todos os efectos instrumentos esenciais para a integración económica e social das Canarias, xa que contribúen á súa conectividade, vertebración, cohesión social e desenvolvemento económico. Para tal efecto, a Administración do Estado garantirá o mantemento da súa cualificación como portos e aeroportos de interese xeral, así como o desenvolvemento dos investimentos necesarios, non soamente para que estas instalacións se conserven en condicións adecuadas de uso, explotación e operatividade, senón tamén os precisos para a adaptación desas infraestruturas ás condicións de operatividade que poidan demandarse pola aparición de novos fluxos de tráfico. Atenderase de maneira específica á adecuada operatividade e adaptación dos portos e aeroportos de interese xeral situados nas illas non capitalinas.

Os portos de interese xeral da Comunidade Autónoma de Canarias son, igualmente, infraestruturas esenciais para a integración económica e social das Canarias xa que, ben por si mesmos ben pola interconexión con tráfico que se xeran ou teñen o seu destino en portos de interese xeral do Estado, contribúen á conectividade, vertebración, cohesión social e desenvolvemento económico das Canarias.»

Sete. Modifícase o artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Liberalización de servizos.*

1. Non se aplicará nas Canarias ningún monopolio sobre os servizos de transporte marítimo exterior ou interior nin de transporte aéreo nacional ou internacional, e modifícanse ou revóganse as condicións en que as compañías nacionais teñan outorgada ou autorizada a prestación de tales servizos en réxime de exclusividade ou monopolio.

2. Respecto ao transporte aéreo prestado por compañías estranxeiras desde, cara a e en tránsito polo arquipélago, aplicaranse os principios de máxima flexibilidade que sexan compatibles coa política aérea estatal e comunitaria co obxecto de permitir a conexión directa das illas Canarias con outros países, especialmente de África e América, en particular no relativo á aplicación da quinta liberdade do aire, e potenciar así o seu papel como centro de distribución de tráfico de pasaxeiros e carga entre os tres continentes, para o cal, non obstante, será necesario garantir que os proxectos que poidan presentar os operadores aéreos acrediten solvencia técnica e económica e resulten beneficiosos para as Canarias.

3. Para o transporte de calquera tipo de mercadorías permitírase o libre aproveitamento da capacidade de carga nos voos tanto regulares como non regulares, incluíndo «chárter» que se efectúen desde, cara a e en tránsito polo arquipélago canario.

4. Non se aplicará monopolio ningún nos servizos de asistencia en terra a aeronaves, a pasaxeiros e a mercadorías. As compañías aéreas poderán realizar estes servizos libremente, por si mesmas, ou ben contratar a súa realización con empresas non necesariamente aéreas, e deben axustar a prestación deses servizos á estrutura e capacidade de cada aeroporto satisfacendo os requisitos técnicos e administrativos que resulten de aplicación.

5. As liñas regulares de cabotaxe marítima interinsular de cabotaxe entre a península e as Canarias estarán sometidas a un réxime de autorización administrativa. A Administración competente establecerá, cando así o requiran as circunstancias, obrigacións de servizo público para garantir o servizo en todos os tráfico interinsulares, así como entre as illas Canarias e a península.

6. Así mesmo, a fin de garantir as comunicacións aéreas interinsulares e entre as illas Canarias e o resto do territorio nacional, o Goberno da Nación poderá establecer obrigacións de servizo público.

7. Pola súa natureza insular e a súa condición ultraperiférica, o sistema portuario e aeroportuario nas Canarias presenta requirimentos específicos cuxa finalidade é garantir a liberdade de circulación dos seus residentes e a súa conectividade xeral co territorio continental. Isto comportará, no ámbito da política xeral de transportes, un tratamento diferenciado que procure e potencie, entre outros aspectos, a presenza preferente dos seus portos e aeroportos declarados de interese xeral nas principais redes de transporte e distribución internacionais, e que inclúa a participación das institucións da Comunidade Autónoma de Canarias na planificación do sistema portuario e aeroportuario nas Canarias.

Neste marco, o Estado xestionará ante as institucións da Unión Europea o mantemento, a renovación e a ampliación da autorización requirida para que os poderes públicos poidan incentivar con carácter permanente o desenvolvemento de novas rutas que aumenten a conectividade das Canarias, en particular as especificidades recoñecidas nas directrices en materia de axudas de Estado ao transporte marítimo e aéreo e ás súas infraestruturas.

8. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo do establecido nos convenios internacionais.»

Oito. Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Tráficoos regulares de persoas.*

1. Dada a natureza ultraperiférica das Canarias, recoñécese ao transporte público regular de persoas, tanto por vía aérea como marítima, o carácter de servizo público esencial. Aos cidadáns españois e dos demais Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza, aos seus familiares nacionais de terceiros países beneficiarios do dereito de residencia ou do dereito de residencia permanente e aos cidadáns nacionais de terceiros países residentes de longa duración, que acrediten a súa

condición de residentes nas illas Canarias, aplicaráselles unha redución nas tarifas dos servizos regulares do transporte de viaxeiros da seguinte contía:

a) A porcentaxe de bonificación aplicable nos billetes de transporte marítimo, con vixencia indefinida, para os traxectos directos, xa sexan de ida ou de ida e volta, entre a Comunidade Autónoma de Canarias e o resto do territorio nacional será do 75 por cento da tarifa do servizo regular, e nas viaxes interinsulares será, así mesmo, do 50 por cento desa contía.

b) A porcentaxe de bonificación nas tarifas dos servizos regulares de transporte aéreo de pasaxeiros entre a Comunidade Autónoma de Canarias e o resto do territorio nacional será, con vixencia indefinida, do 75 por cento da tarifa do servizo regular por cada traxecto directo de ida ou de ida e volta, e nas viaxes interinsulares será do 75 por cento desa contía.

Para estes efectos, considérase traxecto directo de ida aquel que se realiza desde o aeroporto ou heliporto do punto de orixe no arquipélago canario ao de destino final, distinto do anterior, no territorio nacional e viceversa, sen escalas intermedias ou con escalas, sempre que estas non superen as 12 horas de duración, salvo aquelas que veñan impostas polas necesidades técnicas do servizo ou por razóns de forza maior.

Para os efectos desta bonificación, do importe da tarifa do servizo regular deducirase o importe correspondente ás prestacións patrimoniais públicas a que se refiren as alíneas d), e) e f) do artigo 68.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, con independencia de que fosen repercutidas ou non no pasaxeiro. Para tal efecto, estas prestacións patrimoniais aparecerán desagregadas na documentación xustificativa dos cupóns de voo.

2. Autorízase o Goberno da Nación, oído o Goberno de Canarias, para que aumente a contía das compensacións establecidas no número anterior, en especial para atender realidades insulares, económicas e sociais singulares, ou para que substitúa o dito réxime por outro sistema de compensación en función da evolución do mercado de servizos de transporte aéreo ou marítimo de forma que en ningún caso supoña unha diminución da axuda prestada ou deterioración na calidade do servizo.

3. Dentro do respecto á normativa comunitaria e ao principio de liberdade tarifaria, a Administración velará para que as compañías prestatarias de servizos de pasaxeiros atendan, na fixación das súas tarifas, á necesidade de garantir o principio de continuidade territorial e aos custos derivados da dobre insularidade para efectos da necesaria conexión coas liñas do resto do territorio nacional, e ao respecto poderán fixar, cando razóns imperiosas de interese xeral así o aconsellen, prezos máximos de referencia naquelas liñas declaradas como obrigación de servizo público.»

Novo. Modifícase o artigo 7, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Transporte marítimo e aéreo de mercadorías.*

1. Como medida complementaria da aplicación das disposicións do dereito comunitario nas illas Canarias relativas ao afastamento e á insularidade, establecerase unha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado, referida ao ano natural, para financiar un sistema de compensacións que permita compensar o 100 por 100 do custo efectivo do transporte marítimo e aéreo de mercadorías interinsular e entre as illas Canarias e a península ou entre as illas Canarias e outros países da Unión Europea.

2. Regulamentariamente determinarase o sistema de concesión das compensacións nas súas diversas modalidades, o método de cálculo dos custos de transporte que compensar, así como os beneficiarios.

3. A determinación dos custos tipo para cada traxecto será realizada anualmente pola Administración xeral do Estado de forma transparente e mediante un procedemento de audiencia pública, obtendo a información necesaria dos operadores independentes que actúan nesas rutas.

4. O sistema que se estableza deberá garantir a súa incidencia directa sobre o conxunto do custo dos transportes, incluídos os que poden ser repercutidos como consecuencia da utilización das infraestruturas e servizos portuarios e aeroportuarios.

5. En todo caso, o sistema de compensación a que se refire este artigo terá en conta o principio de continuidade territorial coa península.

6. Crearase unha comisión mixta entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica que se encargará de efectuar o seguimento e avaliación da aplicación do sistema de compensación previsto nos números anteriores.

7. Dadas as circunstancias específicas que derivan da condición de rexión ultraperiférica das Canarias, a garantía de continuidade no transporte marítimo e aéreo de mercadorías resulta esencial para a actividade económica das illas. Para os efectos de asegurar o cumprimento deste principio de continuidade territorial, a Administración do Estado garantizará que os servizos públicos de competencia estatal que interveñen nos procesos de importación, exportación e tránsito de mercadorías con orixe ou destino nas Canarias serán planificados e prestados tendo en conta esta circunstancia.»

Dez. Modifícase o artigo 8, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Transporte público terrestre.*

Recoñécese ao transporte público regular de viaxeiros o carácter de servizo público esencial.

Dadas as características especiais das Canarias como rexión insular, a planificación e xestión deste tipo de transporte levarase a cabo de maneira integrada e con carácter insular e garantindo o seu financiamento a través dos orzamentos xerais do Estado. Neste financiamento teranse en conta as especiais circunstancias en que, debido á ultraperifericidade, á configuración xeográfica, á distribución da poboación e á afluencia turística, se desenvolve esta actividade nas Canarias.»

Once. Modifícase o artigo 9, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Dereito de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación.*

1. Os poderes públicos implantarán políticas económicas e fiscais, suficientemente dotadas, que permitan o acceso á información e ás novas tecnoloxías e a participación activa de toda a poboación das Canarias na sociedade do coñecemento, a información e a comunicación.

2. Os servizos finais de telecomunicación pódense prestar nas Canarias en réxime de competencia.

3. O Estado definirá e aprobará as especificacións técnicas que permitan garantir o funcionamento eficiente dos servizos e redes de comunicación, así como do espectro radioeléctrico.»

Doce. Engádese un novo número 3 ao artigo 10 coa seguinte redacción:

«3. En atención ás especiais circunstancias de afastamento, insularidade e dispersión poboacional que concorren nas Canarias como rexión ultraperiférica, así como á necesidade de equiparar ao resto do territorio nacional a dispoñibilidade e condicións de acceso a todo tipo de servizos audiovisuais de banda larga, establecerase unha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado, referida ao ano natural, para garantir o acceso a eles de toda a poboación, financiando o

sobrecusto que afrontan os operadores para despregar os servizos de banda larga nas Canarias.»

Trece. Modifícase o artigo 11, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Prezo da enerxía.*

1. Regulamentariamente establecerase un sistema de compensación do extracusto da xeración eléctrica nas illas Canarias que garanta prezos do fornecemento eléctrico para os consumidores equivalentes aos do resto do territorio español.

As actividades para o fornecemento de enerxía eléctrica que se desenvolvan no sistema eléctrico ultraperiférico das Canarias poderán ser obxecto dunha regulamentación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial e do seu carácter illado e que contribúa ao establecemento dunha combinación enerxética que adecue o tamaño, a tecnoloxía e o combustible das centrais de xeración aos condicionantes ambientais, económicos e técnicos de operación do sistema, perseguindo como obxectivo a produción eléctrica ao menor custo posible para o sistema e o uso progresivo de fontes renovables de enerxía.

2. A Administración xeral do Estado priorizará en interese das Canarias os proxectos das rexións ultraperiféricas no ámbito das redes transeuropeas de enerxía, apostando fundamentalmente pola xeración baseada en enerxías renovables e a participación das Canarias na política de cooperación da Unión Europea cara a África en materia enerxética.»

Catorce. Modifícase o artigo 12, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Desenvolvemento enerxético ambiental.*

A regulamentación das actividades para o fornecemento de enerxía eléctrica nos sistemas enerxéticos illados canarios terá entre os seus obxectivos o fomento das enerxías renovables cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético nas condicións establecidas na Lei do sector eléctrico.»

Quince. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Plan de aforro enerxético.*

O Goberno da Nación e o Goberno de Canarias, no ámbito das súas respectivas competencias, elaborarán e porán en marcha un plan de optimización e aforro de consumos enerxéticos e de auga na industria, no sector terciario, no sector agrario e nos consumos humanos.»

Dezaseis. Engádese un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Autoconsumo enerxético.*

O Goberno da Nación promoverá as diferentes modalidades de autoconsumo nos sistemas eléctricos illados canarios.

En todo caso, os consumidores ou produtores localizados nos sistemas eléctricos canarios acollidos a calquera modalidade de autoconsumo eléctrico quedarán exentos con carácter indefinido do pagamento do cargo variable transitorio pola enerxía autoconsumida previsto na disposición adicional sétima do Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de fornecemento de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción de autoconsumo, sempre que o autoconsumo supoña unha redución dos custos enerxéticos deses sistemas.

Así mesmo, ás instalacións de xeración para autoconsumo localizadas nos sistemas eléctricos das Canarias postas en servizo con anterioridade á entrada en

vigor desta lei non lles será de aplicación o disposto no artigo 5.2.a) do citado Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, de maneira que a suma das potencias instaladas das instalacións de produción poderá ser superior á potencia contratada polo consumidor.»

Dezasete. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Xestión, valorización, reciclaxe e descontaminación dos residuos nas Canarias.*

1. En virtude do principio de continuidade territorial, e co obxecto de superar os obstáculos derivados da fragmentación territorial do arquipélago, naqueles fluxos de residuos en que sexa de aplicación a responsabilidade ampliada do produtor serán os produtores, a través dos seus sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada, os responsables de financiar o traslado dos residuos desde as outras illas até a illa onde exista instalación de tratamento e, se for o caso, até a península cando non sexa posible o seu tratamento nas Canarias.

2. Os poderes públicos deberán deseñar estratexias que orienten a execución de políticas especificamente destinadas a reducir ao máximo o volume de residuos contaminantes xerados nas Canarias, facendo primar a súa reutilización e reciclaxe a través dunha rede local de puntos habilitados para ese fin.

3. Co obxecto de minimizar os riscos e o impacto ambiental do transporte e a circulación de residuos, o principio xeral de proximidade deberá estar na base da política sobre xestión e tratamento de residuos nas Canarias, favorecendo o seu tratamento no arquipélago cando existan instalacións de tratamento adecuadas para isto e promovendo, noutro caso, medidas que favorezan a implantación e desenvolvemento de instalacións de tratamento e reciclaxe para o maior número de residuos posible.

4. A fin de obter unha adecuada protección ambiental do territorio canario, naqueles residuos en que a normativa estableza mínimos de recolla selectiva a nivel estatal, tales obxectivos deberán ser atinxidos na Comunidade Autónoma de Canarias de acordo cos criterios previstos na normativa de cada fluxo de residuos, e, na súa falta, en proporción aos residuos xerados, segundo os datos dispoñibles da Comunidade Autónoma a 31 de decembro do ano precedente e os datos oficiais que os poidan complementar.

5. Para efectos do control de residuos en relación cos produtos envasados, eléctricos e electrónicos, pilas e acumuladores, pneumáticos e aceites e graxas minerais, deberase incluír na declaración pola cal se solicita un determinado réxime aduaneiro para efectos da imposición indirecta canaria o nome do sistema integrado de xestión de residuos a que o importador está adherido. A mesma obrigaón é aplicable en relación coas entradas das mercadorías indicadas procedentes doutro Estado membro ou do resto do territorio español. Ao incumprimento desta obrigaón seralle de aplicación o previsto no réxime sancionador en materia de residuos.

6. Aqueles produtos que poidan xerar residuos ambientalmente perigosos, especialmente contaminantes, non reutilizables ou reciclables poderán ser considerados non aptos e ficar fóra da exención que recolle esta lei. Poderán ter a mesma consideración de produtos ambientalmente perigosos aquelas plantas, animais, sementes ou equivalentes que supoñan un risco para o medio natural do arquipélago.»

Dezaoito. Engádesse un novo artigo 14 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 14 bis. *Prezo da auga.*

Establecerase regulamentariamente un sistema de compensación, consignado anualmente nos orzamentos xerais do Estado, que garanta nas illas Canarias a moderación dos prezos da auga desalinizada, rexenerada ou reutilizada até alcanzar

un nivel equivalente ao do resto do territorio nacional, así como os prezos da auga de consumo agrario froito da extracción e elevación de pozos e galerías e da desalgadura para rega agrícola.»

Dezanove. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Convenios.*

Naquelas materias en que a Comunidade Autónoma de Canarias non teña legalmente atribuídas competencias, cando razóns de eficiencia e racionalidade na xestión así o aconsellen, poderase delegar mediante convenio a xestión dos créditos orzamentarios a que se refiren os artigos 95 e 96 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico e fiscal das Canarias.»

Vinte. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Principio xeral.*

Para garantir unha adecuada coordinación entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, crearase unha comisión mixta e estableceranse os mecanismos de coordinación de carácter sectorial entre ambas as administracións que sexan necesarios para a posta en marcha, desenvolvemento e seguimento do réxime económico e fiscal das illas Canarias.»

Vinte e un. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Inspección do comercio exterior.*

1. A inspección do comercio exterior, dada a maior integración das illas na Unión Europea e a competencia exclusiva do Estado na súa execución e regulación, correrá a cargo da Administración xeral do Estado, baixo o principio xeral de adecuación á normativa comunitaria na materia.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias e a Administración xeral do Estado colaborarán para a identificación dos problemas específicos e na procura de solucións que en materia de inspección de comercio exterior xurdan no arquipélago canario, en particular en materia de inspección fitosanitaria e zoonosanitaria, a fin da súa presentación e negociación pola Administración xeral do Estado ante a Unión Europea para a súa resolución caso por caso.»

Vinte e dous. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Promoción comercial.*

1. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias potenciarán a súa colaboración para definir e alcanzar obxectivos comúns dentro da promoción comercial española. Prestarase unha consideración especial ao desenvolvemento de programas de formación comercial de españois, africanos e iberoamericanos, ao fomento de sociedades e consorcios de exportación, ao apoio de asistencia a feiras no exterior, viaxes de promoción comercial, creación de marcas e denominacións de orixe dos produtos elaborados nas Canarias, incluída a promoción do símbolo gráfico das rexións ultraperiféricas, e á prestación de servizos a terceiros países desde territorio canario.

2. Créase, con sede nas Canarias, o Consello Asesor para a Promoción Estratéxica e Comercial das Canarias, co obxectivo de fomentar a internacionalización da economía canaria.

Este consello estará presidido polo secretario de Estado de Comercio e nel integraranse representantes dos ministerios de Economía, Fomento e Asuntos Exteriores e outros representantes da Administración xeral do Estado, da Administración autonómica e dos axentes sociais e económicos vinculados á

internacionalización, e contará cunha scretaría permanente no arquipélago que corresponde á Administración periférica do Estado.

A composición e funcións deste órgano desenvolveranse mediante norma regulamentaria.»

Vinte e tres. O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 19. *Promoción turística.*

1. Atendendo ao carácter estratéxico do turismo na economía canaria e á súa repercusión no emprego, prestarase especial atención ao seu fomento e desenvolvemento, mediante a dotación dun plan estratéxico do turismo. Para tales efectos, os incentivos ao investimento no sector orientaranse preferentemente á reestruturación deste, á modernización da planta turística de aloxamento, á creación de actividades de lecer complementarias das aloxativas e á potenciación de formas de turismo especializado e alternativo.

Así mesmo, e de acordo coas necesidades do sector turístico, o Estado terá en conta a estacionalidade como marco de referencia para a implantación de medidas económicas, sociais e de calquera outra natureza que o afecten, con vistas a favorecer o mantemento e a creación de emprego.

2. Prestarase especial atención á formación técnico-profesional no sector, impulsando, entre outras actuacións, o ensino de idiomas e a utilización das novas tecnoloxías.

Promoveranse, ademais, os coñecementos en materia gastronómica vinculados á utilización de produtos agrarios, agroindustriais e pesqueiros obtidos nas Canarias, e de actividades de lecer.

Para tales efectos, a Administración xeral do Estado colaborará coa Comunidade Autónoma de Canarias na elaboración dun plan específico de formación profesional no sector turístico, que contará, así mesmo, coa participación dos axentes sociais máis representativos no ámbito autonómico.

3. Nas campañas de promoción turística exterior que realice o Estado, e sempre que así o solicite o Goberno de Canarias, por ter interese e afectar produtos e/ou destinos turísticos das illas, incluírase a oferta das illas Canarias de forma claramente diferenciada.

Para estes efectos, nas consellerías de Turismo nas misións diplomáticas de España nos principais mercados emisores para as illas Canarias, establecerase a posibilidade de que un técnico adscrito ao órgano de promoción turística das illas Canarias poida situarse e desenvolver os labores de promoción turística das illas Canarias en cada unha das consellerías que se definan.

4. O Estado financiará un plan de investimentos públicos en infraestruturas nas áreas turísticas co obxectivo de alcanzar o nivel de calidade necesario e manter a rendibilidade social do sector turístico nas Canarias, así como atender de forma efectiva o incremento na demanda dos servizos públicos e infraestruturas que se xera en tales áreas. Este plan dotarase nos orzamentos xerais do Estado para a súa xestión directa pola Comunidade Autónoma de Canarias a través do oportuno instrumento convencional e será independente da asignación dos fondos de turismo de ámbito nacional que lle correspondan.»

Vinte e catro. O artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 20. *Incentivos económicos rexionais.*

1. A Administración xeral do Estado dotará da máxima flexibilidade o funcionamento dos incentivos rexionais e a localización dos investimentos nas illas sen máis limitacións sectoriais e financeiras que as establecidas pola normativa comunitaria.

Primarase o investimento nas illas mediante a existencia dun volume mínimo de investimento inferior ao establecido para o resto do territorio nacional. Para estes efectos, o volume mínimo de investimento exixible nas illas de Tenerife e Gran Canaria será de 300.000 euros, e no resto das illas de 100.000 euros. Nas illas non capitalinas os proxectos elixibles contarán, ademais, cunha porcentaxe superior de puntuación.

2. Prestarase especial atención ao apoio á pequena e mediana empresa pola súa capacidade de xeración de emprego e promoveranse centros ou institucións de asesoramento e información.

3. Na valoración dos proxectos primarase a creación de emprego de calidade, o seu menor impacto ambiental e o uso de tecnoloxías do coñecemento.

4. Valoraranse, dentro dos límites establecidos pola normativa comunitaria sobre axudas de finalidade rexional, sectores produtivos relacionados coa industria da alimentación, bebidas e agroindustria; coa transformación e comercialización de produtos agrícolas e gandeiros; coas enerxías renovables –tanto para usos enerxéticos como para a desalinización e reutilización de augas–; coa reutilización de produtos e coa preparación para a reutilización, a reciclaxe e outras formas de valorización de residuos; así como, de maneira preferente, os sectores produtivos relacionados coas novas tecnoloxías.

5. Prestarase especial atención aos proxectos de rehabilitación e modernización da planta aloxativa turística e aos sectores complementarios do turismo.

6. O Goberno da Nación, unha vez oído o Goberno de Canarias, desenvolverá medidas que reforcen as establecidas nos números anteriores deste artigo, para aplicar nas illas non capitalinas, canto á dimensión e autofinanciamento exixidos ao proxecto de investimento, incluíndo a definición dos sectores produtivos subvencionables e adaptándoos á realidade do seu desenvolvemento económico e social en cada illa.

7. Sen prexuízo do estipulado pola normativa europea e nacional aplicable, as axudas ás pequenas e medianas empresas modularanse, alí onde for posible, con porcentaxes de cofinanciamento máis altas para investimentos nas illas non capitalinas atendendo á súa particular situación socioeconómica.

8. Os poderes públicos promoverán a aplicación do principio de responsabilidade social corporativa das empresas nas entidades beneficiarias de incentivos económicos rexionais, en consonancia co que en tal materia regula a estratexia de España e da Unión Europea.»

Vinte e cinco. O artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 21. *Creación de emprego.*

1. O Goberno do Estado e o Goberno de Canarias, co obxectivo de promoveren ao máximo o emprego, coordinarán os seus esforzos e recursos, fixando as correspondentes actuacións no marco da ordenación e planificación económica rexional das Canarias.

2. De acordo coa disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, o Estado terá en conta a situación económica, social e laboral das Canarias, dada a súa condición de rexión ultraperiférica da Unión Europea, na elaboración do plan anual de política de emprego de cada exercicio, incorporando un plan de emprego para as Canarias, con dotación suficiente, co obxecto de impulsar a creación de emprego, loitar contra a pobreza e compensar os problemas de competitividade das empresas radicadas nas illas.»

Vinte e seis. Engádesse un novo artigo 21 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 21 bis. *Fomento da integración social.*

Tendo en conta que a finalidade da presente lei tamén pretende promover a cohesión social das Canarias, segundo se establece no seu artigo 1.c), considerando a elevada taxa de pobreza e exclusión social do arquipélago e atendendo á súa consideración de rexión ultraperiférica, o Goberno de España consignará anualmente nos orzamentos xerais do Estado unha dotación suficiente para impulsar medidas para paliar a pobreza e a exclusión social nas Canarias, en canto os indicadores oficiais a sitúen por cima da media nacional. Esta dotación económica terá carácter finalista e deberase aplicar aos programas e instrumentos que en cada momento teña a Comunidade Autónoma de Canarias para atender os sectores máis vulnerables en perigo de exclusión.»

Vinte e sete. O artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 22. *Incentivos ao investimento.*

1. En canto o produto interior bruto «per capita» das Canarias se sitúe por baixo da media nacional, e atendendo á súa consideración de rexión ultraperiférica, o Instituto de Crédito Oficial terá aberta unha liña de préstamos de mediación con tipos de xuro preferente para financiar investimentos en activos fixos por parte das pequenas e medianas empresas domiciliadas nas Canarias que sexan de nova creación ou que, xa constituídas, amplíen, modernicen ou trasladen as súas instalacións.

2. O importe da liña de préstamos, o tipo aplicable á cesión de fondos polo Instituto de Crédito Oficial ás entidades de crédito, a porcentaxe dos investimentos que poderá financiarse con cargo á dita liña, as condicións de amortización dos préstamos, así como outras características destes e as competencias que ao respecto terá o Consello Xeral do Instituto de Crédito Oficial, serán determinados polo Goberno da Nación en función da situación económica e financeira en cada momento.»

Vinte e oito. Engádesse un novo artigo 22 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Universidades.*

1. Tendo en conta a condición de rexión ultraperiférica das Canarias, as universidades das illas son centros de referencia para efectos do sinalamento das políticas universitarias do Estado español. No marco da ordenación e planificación económica rexional das Canarias, inclúiranse medidas para incrementar a súa competitividade e focalizar os esforzos en investigación e innovación que teñan impacto no sector produtivo, así como a transferencia dos seus resultados e a orientación da súa oferta ás necesidades do mercado, facilitando a mobilidade entre illas.

2. As universidades establecidas nas Canarias vincúlense á economía produtiva das Canarias por medio da investigación, a innovación, a formación e a aplicación de coñecemento de excelencia. A capacidade destes centros porase ao servizo do réxime económico e fiscal das Canarias para potenciar o desenvolvemento económico e social do arquipélago.

3. A Administración xeral do Estado fomentará a condición das universidades canarias como centros de referencia nacional a través de accións ou programas específicos.

4. Fomentaranse e coordinaranse programas para o desenvolvemento de actividades docentes, de investigación e cooperación ao desenvolvemento en que interveñan as universidades establecidas nas Canarias e institucións europeas e

doutros países, especialmente con terceiros países veciños e outras rexións ultraperiféricas.

5. Tendo en conta a consideración das Canarias como rexión ultraperiférica da Unión Europea, o Goberno da Nación acordará para os estudantes e profesores das universidades canarias unha axuda económica suplementaria para compensar os custos adicionais do afastamento, equivalente aos gastos de transporte desde o seu lugar de residencia até o de destino, nos programas de investigación, formación e mobilidade, ademais doutras medidas complementarias relativas á promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación.»

Vinte e nove. O artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. *Formación profesional.*

1. Para potenciar a creación de emprego, a Administración xeral do Estado colaborará coa Comunidade Autónoma de Canarias na elaboración dun programa especial de formación profesional para o emprego en sectores de servizos avanzados.

Na elaboración e actualización dos certificados de profesionalidade teranse en conta as peculiaridades do territorio insular e fragmentado da Comunidade Autónoma de Canarias, engadindo en caso de necesidade certificados específicos adicionais que se adapten ás especiais circunstancias das illas.

2. Establecerase un programa específico de bolsas de estudo para os estudantes canarios que non encontren na súa illa de residencia a oferta educativa que demanden. Así mesmo, establecerase un programa específico de bolsas de desprazamento para os mozos canarios que finalizasen a súa formación profesional e que realicen prácticas en empresas peninsulares e en calquera outro Estado membro da Unión Europea.

3. As organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito autonómico colaborarán coa Comunidade Autónoma de Canarias no deseño de plans de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e desempregados.

Así mesmo, serán os axentes colaboradores da Administración para o deseño e programación da realización de prácticas en empresas da formación profesional regrada, formación profesional para o emprego e formación profesional dual.

4. Garantirase a adecuada provisión de prazas de formación profesional regrada, formación profesional para o emprego e formación profesional dual aos estudantes canarios.»

Trinta. O artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Medidas en favor do sector primario.*

1. O Goberno do Estado e o Goberno de Canarias fixan como obxectivos o de alcanzar unha maior capacidade de autoabastecemento e garantir o futuro e o desenvolvemento a medio e longo prazo dos sectores agrícola e gandeiro das Canarias, na súa condición de rexión ultraperiférica, incluídas a produción, a transformación e a comercialización dos produtos locais, impulsando a agricultura e a gandaría, fomentando a competitividade e a innovación no sector e apoiando as pequenas e medianas empresas e o desenvolvemento de cooperativas agrícolas e gandeiras que favorezan a concentración da oferta.

2. Para garantir a competitividade dos sectores agrícola e gandeiro das Canarias, o Goberno da Nación consignará anualmente nos orzamentos xerais do Estado unha dotación suficiente para garantir o 100 por 100 da achega nacional das medidas de fomento das producións agrícolas locais autorizada pola Unión Europea no marco do Programa de opcións específicas de afastamento e insularidade (POSEI).

3. Coa finalidade de fomentar a contratación de seguros agrarios nas illas que axude a garantir a renda dos produtores e produtoras mediante a súa protección fronte a adversidades climáticas e outros riscos naturais, o Goberno da Nación consignará anualmente nos orzamentos xerais do Estado unha dotación suficiente para incrementar nun 65 % a subvención base que en cada momento estableza a Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) para os seguros agrarios de aplicación nas Canarias.

4. A fin de conservar as variedades agrícolas e razas gandeiras locais, en grave perigo de erosión xenética, que son a base para diferenciar as producións locais e facilitar a súa valorización comercial, o Goberno da Nación disporá anualmente nos orzamentos xerais do Estado dunha dotación específica para promover bancos de conservación de recursos fitoxenéticos e zootenéticos locais e para apoiar a preservación *in situ* destas variedades e razas por parte dos agricultores e gandeiros.

5. Os poderes públicos apoiarán a utilización de produtos agrícolas, gandeiros e pesqueiros locais nos establecementos turísticos das Canarias.

6. Apoiarase a creación no arquipélago dun centro internacional de tecnoloxías agrarias destinado a favorecer as relacións económicas con Europa e os países de África occidental e de América latina.»

Trinta e un. Engádese un novo artigo 24 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 24 bis. *Fomento do emprego.*

Para os efectos sinalados no artigo 21 da presente lei e tendo en conta o elevado da taxa de desemprego e de exclusión social no arquipélago, o Goberno da Nación e o Goberno de Canarias coordinarán os seus esforzos e recursos co obxecto de promover ao máximo o emprego de calidade. Para esta promoción terán a consideración de recursos básicos os seguintes: os investimentos que desenvolverán o Estado e a Comunidade Autónoma; os convenios entre o Servizo Público de Emprego Estatal, a Comunidade Autónoma e as corporacións locais; os fondos que integran os plans en materia de emprego da Comunidade Autónoma e as achegas dos marcos comunitarios de apoio, sen prexuízo dos mecanismos previstos na presente lei para a mellora dos problemas estruturais que manifesta o emprego no arquipélago e outros recursos que se poidan destinar ao mesmo fin.»

Trinta e dous. Engádese un novo artigo 25 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25 bis. *Fomento da cultura.*

Tendo en conta a condición de rexión ultraperiférica das Canarias, e para efectos de potenciar o intercambio cultural do arquipélago, os bens artísticos que se trasladen desde as Canarias á Península, Baleares e ao resto da Unión Europea con motivo de exposición, así como o seu traslado en sentido inverso, estarán exentos de gravames fiscais e aduaneiros para os efectos da súa equiparación cos desprazamentos deses bens dentro do territorio peninsular e comunitario. No caso de que sexan obxecto de transmisión posterior ou entrega, estarán suxeitos á tributación correspondente.»

Trinta e tres. Engádese un número 3 ao artigo 26, que queda redactado co seguinte contido:

«3. Para os efectos do cálculo dos rendementos derivados da venda de bens corporais producidos nas Canarias, formarán parte deles:

a) Os importes das axudas derivadas do réxime específico de fornecemento, establecido en virtude do artigo 3.1.a) do Regulamento (UE) n.º 228/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

b) Os importes das axudas aos produtores derivadas do Programa comunitario de apoio ás producións agrarias das Canarias, establecido en virtude do artigo 3.1.b) do Regulamento (UE) n.º 228/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

O organismo pagador de tales fondos certificará á Administración tributaria competente o importe ou importes das axudas percibidas polo produtor procedentes das medidas de apoio previstas no parágrafo anterior.»

Trinta e catro. Modifícanse os números 2, 4.A) e C), 5, 8 e 12 do artigo 27, que quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 27. *Reserva para investimentos nas Canarias.*

«2. A redución a que se refire o número anterior aplicarase ás dotacións que en cada período impositivo se fagan á reserva para investimentos até o límite do noventa por cento da parte de beneficio obtido no mesmo período que non sexa obxecto de distribución, en canto proceda de establecementos situados nas Canarias.

En ningún caso a aplicación da redución poderá determinar que a base imponible sexa negativa.

Para estes efectos, consideraranse beneficios procedentes de establecementos nas Canarias os derivados de actividades económicas, incluídos os procedentes da transmisión dos elementos patrimoniais afectos a elas, así como os derivados da transmisión de elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Para estes efectos, consideraranse beneficios non distribuídos os destinados a nutrir as reservas, excluída a de carácter legal. Non terá a consideración de beneficio non distribuído o que derive da transmisión de elementos patrimoniais cuxa adquisición determinase a materialización da reserva para investimentos dotada con beneficios de períodos impositivos a partir do 1 de xaneiro de 2007.

En caso de elementos patrimoniais que só parcialmente se destinasen á materialización da reserva a partir desa data, consideraranse beneficio non distribuído a parte proporcional del que corresponda ao valor de adquisición que non supuxese materialización da dita reserva.

As asignacións a reservas consideraranse diminuídas no importe que eventualmente se detraese dos fondos propios, xa no exercicio a que a redución da base imponible se refire, xa naquel en que se adoptase o acordo de realizar as mencionadas asignacións.»

«4. As cantidades destinadas á reserva para investimentos nas Canarias deberanse materializar no prazo máximo de tres anos, contados desde a data da devindicación do imposto correspondente ao exercicio en que se dotou aquela, na realización dalgún dos seguintes investimentos:

A. Os investimentos iniciais consistentes na adquisición de elementos patrimoniais novos do inmovilizado material ou intanxible como consecuencia:

- Da creación dun establecemento.
- Da ampliación dun establecemento.
- Da diversificación da actividade dun establecemento para a elaboración de novos produtos.
- Da transformación substancial no proceso de produción dun establecemento.

En ningún caso se poderá materializar a reserva para investimentos nas Canarias na adquisición de inmobles destinados a vivendas con fins turísticos.

Tamén terán a consideración de iniciais os investimentos en solo, edificado ou non, sempre que non se beneficiasen anteriormente do réxime previsto neste artigo e se afecte:

– Á promoción de vivendas protexidas, cando proceda esta cualificación de acordo co previsto no Decreto 27/2006, do 7 de marzo, polo que se regulan as actuacións do Plan de vivenda das Canarias, e sexan destinadas ao arrendamento pola sociedade promotora.

– Ao desenvolvemento de actividades industriais incluídas nas divisións 1 a 4 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

– Ás actividades sociosanitarias, centros residenciais de persoas de idade, xeriátricos e centros de rehabilitación neurolóxica e física.

– Ás zonas comerciais que sexan obxecto dun proceso de rehabilitación.

– Ás actividades turísticas reguladas na Lei 7/1995, do 6 de abril, de ordenación do turismo das Canarias, cuxa adquisición teña por obxecto a rehabilitación dun establecemento turístico.

(O resto igual).

C. A adquisición de elementos patrimoniais do inmovilizado material ou intanxible que non poida ser considerada como investimento inicial por non reunir algunha das condicións establecidas na letra A anterior, o investimento en elementos patrimoniais que contribúan á mellora e protección do ambiente no territorio canario, así como aqueles gastos de investigación e desenvolvemento que regulamentariamente se determinen.

En ningún caso se poderá materializar a reserva para investimentos nas Canarias na rehabilitación ou reforma de inmoables destinados a vivendas con fins turísticos.

Tratándose de vehículos de transportes de pasaxeiros por vía marítima ou por estrada, deberanse dedicar exclusivamente a servizos públicos no ámbito de funcións de interese xeral que se correspondan coas necesidades públicas das illas Canarias.

Tratándose de solo, edificado ou non, este debe afectarse:

– Á promoción de vivendas protexidas, cando proceda esta cualificación de acordo co previsto no Decreto 27/2016, do 7 de marzo, polo que se regulan as actuacións do Plan de vivenda das Canarias, destinadas ao arrendamento pola sociedade promotora.

– Ao desenvolvemento de actividades industriais incluídas nas divisións 1 a 4 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto de actividades económicas.

– Ás actividades sociosanitarias, centros residenciais de persoas de idade, xeriátricos e centros de rehabilitación neurolóxica e física.

– Ás zonas comerciais que sexan obxecto dun proceso de rehabilitación.

– Ás actividades turísticas reguladas na Lei 7/1995, do 6 de abril, de ordenación do turismo das Canarias, cuxa adquisición teña por obxecto a rehabilitación dun establecemento turístico.

Só para os efectos de entender incluído no importe da materialización da reserva o valor correspondente ao solo, consideraranse obras de rehabilitación as actuacións dirixidas á renovación, ampliación ou mellora de establecementos turísticos, sempre que reúnan as condicións necesarias para seren incorporadas ao inmovilizado material como maior valor do inmoable.»

«5. Os elementos patrimoniais en que se materialice o investimento deberán estar situados ou ser recibidos no arquipélago canario, utilizados nel, afectos e necesarios para o desenvolvemento de actividades económicas do contribuínte, salvo no caso dos que contribúan á mellora e protección do ambiente no territorio canario.

Para tal efecto, entenderanse situados e utilizados no arquipélago:

- a) As aeronaves que, polo seu destino, contribúan a mellorar as conexións das illas Canarias, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- b) Os buques con pavillón español e con porto base nas Canarias, incluídos os inscritos no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.
- c) As redes de transporte e de comunicacións que conecten o arquipélago canario co exterior, polo tramo que se encontre dentro do territorio das illas Canarias e a parte situada fóra del que se utilice para conectar entre si as distintas illas do arquipélago.
- d) As aplicacións informáticas e os dereitos de propiedade industrial que non sexan meros signos distintivos do contribuínte ou dos seus produtos, sempre que fosen creados con medios da entidade situados no ámbito territorial canario ou adquiridos a terceiros para a súa transformación cando a súa explotación económica se dirixa, realice, contrate, distribúa, organice e facture desde as Canarias.
- e) Os dereitos de propiedade intelectual, na medida en que fosen creados con medios da entidade situados no ámbito territorial canario ou adquiridos a terceiros para a súa transformación, sempre que a súa explotación económica se dirixa, realice, contrate, distribúa, organice e facture desde o referido ámbito.
O concepto de transformación previsto na alínea e) deste número será o previsto na lexislación sectorial de protección destes dereitos e exixirá que o dereito resultante da transformación entre en funcionamento no mesmo período impositivo que a adquisición a terceiros do dereito orixinal.
- f) As concesións administrativas de uso de bens de dominio público radicados nas Canarias.
- g) As concesións administrativas de prestación de servizos públicos que se desenvolvan exclusivamente no arquipélago.
- h) As concesións administrativas de obra pública para a execución ou explotación de infraestruturas públicas radicadas nas Canarias.»

«8. Os elementos patrimoniais en que se materializase a reserva para investimentos a que se refiren as letras A e C do número 4, así como os adquiridos en virtude do disposto na letra D dese mesmo número, deberán permanecer en funcionamento na empresa do adquirente durante cinco anos como mínimo, sen seren obxecto de transmisión, arrendamento ou cesión a terceiros para o seu uso. Se a súa permanencia for inferior ao dito período, non se considerará incumplido este requisito cando se adquira outro elemento patrimonial que o substitúa polo seu valor neto contable, con anterioridade ou no prazo de 6 meses desde a súa baixa no balance, que reúna os requisitos exixidos para a aplicación da redución prevista neste artigo e que permaneza en funcionamento durante o tempo necesario para completar o dito período. Non se poderá entender que esta nova adquisición supón a materialización das cantidades destinadas á reserva para investimentos nas Canarias, salvo polo importe dela que excede o valor neto contable do elemento patrimonial que se substitúe e que tivo a consideración de materialización da reserva regulada neste artigo. No caso da adquisición de solo, o prazo será de dez anos.

Nos casos de perda do elemento patrimonial, deberase proceder a substituílo nos termos previstos no parágrafo anterior.

Os contribuíntes que se dediquen á actividade económica de arrendamento ou cesión a terceiros para o uso de elementos patrimoniais do inmovilizado poderán desfrutar do réxime da reserva para investimentos, sempre que non exista vinculación, directa ou indirecta, cos arrendatarios ou cesionarios deses bens, nos termos definidos no artigo 18, número 2, da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, nin se trate de operacións de arrendamento financeiro. Para estes efectos, entenderase que o arrendamento de inmobles se realiza como actividade económica unicamente cando concorran as circunstancias previstas no número 2 do artigo 27 da Lei 35/2006.

Nos supostos de arrendamento de bens inmobles, ademais das condicións previstas no parágrafo anterior, o contribuínte deberá ter a consideración de empresa turística de acordo co previsto na Lei 7/1995, do 6 de abril, de ordenación do turismo das Canarias, tratarse do arrendamento de vivendas protexidas pola sociedade promotora, de bens inmobles afectos ao desenvolvemento de actividades industriais incluídas nas divisións 1 a 4 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas, ou de zonas comerciais situadas en áreas cuxa oferta turística se encontre en declive, por precisaren de intervencións integradas de rehabilitación de áreas urbanas, segundo os termos en que se define nas directrices de ordenación xeral das Canarias, aprobadas pola Lei 19/2003, do 14 de abril.

Cando se trate dos valores a que se refire a letra D do número 4, deberán permanecer no patrimonio do contribuínte durante cinco anos ininterrompidos, sen que os dereitos de uso ou disfrute asociados a eles poidan ser obxecto de cesión a terceiros.»

«12. A aplicación do beneficio da reserva para investimentos será incompatible, para os mesmos bens e gastos, coas deducións para incentivar a realización de determinadas actividades reguladas no capítulo IV do título VI do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, e coa dedución por investimentos regulada no artigo 94 da Lei 20/1991.

Tratándose de activos usados e de solo, estes non se poderán ter beneficiado anteriormente do réxime previsto neste artigo, por dotacións que se realizasen con beneficios de períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2007 nin das deducións para incentivar a realización de determinadas actividades reguladas no capítulo IV do título VI do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, nin da dedución por investimentos regulada no artigo 94 da Lei 20/1991. Considerarase apto o investimento que recaia en activos usados que só parcialmente se beneficiasen do réxime da reserva para investimentos nas Canarias na parte proporcional correspondente.»

Trinta e cinco. O artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Creación da zona especial canaria.*

Créase unha zona especial nas illas Canarias coa finalidade de promover a creación de emprego de calidade, o desenvolvemento económico e social do arquipélago e a diversificación da súa estrutura produtiva, presidida polo principio de estancidade xeográfica, que se rexerá polo disposto na presente lei e na súa norma de desenvolvemento, sen prexuízo da aplicación da normativa xeral no non previsto expresamente.»

Trinta e seis. Modifícase o número 2.d).b') do artigo 31, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31. *Ámbito subxectivo de aplicación da zona especial canaria.*

(...)

b') Tratándose de elementos usados, estes non se poderán ter aplicado anteriormente ao fin previsto na alínea d).

Poderase autorizar a inscrición ou a permanencia no réxime da zona especial canaria de entidades que non cumpran o requisito de investimento establecido nesta alínea d), sempre que o número de postos de traballo que se vaian crear e a media anual do cadro de persoal superen o mínimo previsto na alínea e) deste número.»

Trinta e sete. O artigo 38 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Competencias do Consello Reitor.*

Corresponde ao Consello Reitor do Consorcio da Zona Especial Canaria:

- a) Tramitar e resolver as solicitudes de autorización das entidades que se pretendan acoller ao réxime especial da zona especial canaria, así como autorizar, logo de informe da Comisión Técnica, a inscrición ou a permanencia da inscrición de entidades cando concorra o suposto a que se refire o derradeiro parágrafo da alínea d) do artigo 31.2 desta lei.
- b) Xestionar o Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.
- c) Xestionar e recadar as taxas reguladas no artigo 50 desta lei.
- d) Vixiar o cumprimento por parte das entidades da zona especial canaria do disposto nesta lei, e para isto poderán requirir canta información sexa precisa, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos ou organismos públicos.
- e) Resolver os expedientes sancionadores que se tramiten segundo o disposto nas normas contidas no capítulo VI deste título.
- f) Subministrar a información que lle sexa requirida polas administracións ou organismos competentes, de acordo co establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.
- g) Elaborar anualmente un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda.
- h) Ditar as instrucións sobre o funcionamento da zona especial canaria naqueles aspectos en que teña atribuída esa competencia, así como as que exixan o desenvolvemento e execución das normas contidas na lei, sen prexuízo das competencias doutros órganos, en relación coas cuestións de procedemento relativas ao Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.
- i) Establecer as súas normas e as dos seus órganos adscritos en materia de xestión e de funcionamento interno, así como determinar as funcións do secretario e, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda, o réxime económico das asistencias ao Consello Reitor e á Comisión Técnica.
- j) Propor a remoción dos membros da Comisión Técnica cando, ao seu xuízo, incorran en incompetencia técnica ou actúen con infracción das leis.
- k) Emitir e facer públicos cantos informes se lle soliciten en relación coas materias da súa competencia, especialmente no referente ao fomento do emprego de calidade asociado á zona especial canaria.
- l) Promover a zona especial canaria.
- m) Calquera outra función ou competencia que lle sexa atribuída directamente nesta lei ou nas súas normas de desenvolvemento.»

Trinta e oito. Modifícase a letra c) do segundo parágrafo do número 5 e dáse nova redacción ao número 6 do artigo 44 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias.

Un. Modifícase a alínea c) do segundo parágrafo do número 5, que queda redactada da seguinte forma:

«Para os efectos do previsto neste artigo, entenderanse situados na zona especial canaria:

- a) As aeronaves que, polo seu destino, contribúan a mellorar as conexións das illas Canarias, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- b) Os buques con pavillón español e porto base nas Canarias, incluídos os inscritos no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.
- c) As aplicacións informáticas, os dereitos de propiedade industrial que non sexan meros signos distintivos do contribuínte ou dos seus produtos e os dereitos

de propiedade intelectual, na medida en que fosen creados con medios da entidade situados no ámbito da zona especial canaria, sempre que a súa explotación económica se dirixa, realice, contrate, distribúa, organice e facture desde o referido ámbito.»

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015, dáse unha nova redacción ao número 6 do artigo 44, que queda redactado do modo seguinte:

«6. O tipo de gravame especial aplicarase exclusivamente á parte da base imponible que coincida coa menor das seguintes contías:

a) O importe que resulte de aplicar á base imponible a porcentaxe determinada no número 4.

b) O importe que resulte da aplicación das seguintes regras:

– 1.800.000 euros para aquelas entidades da zona especial canaria que cumpran o requisito de creación mínima de emprego previsto no artigo 31.2.e) desta lei.

– 500.000 euros adicionais por cada posto de traballo que exceda o mínimo sinalado, até alcanzar 50 postos de traballo.

– A creación de postos de traballo por cima de 50, así como a aludida nas dúas regras anteriores, estará sometida, en todo caso, ao seguinte límite: a minoración da cota íntegra en cada período impositivo, despois da aplicación do tipo especial aplicable na zona especial canaria, en relación co tipo xeral do imposto sobre sociedades, non poderá ser superior ao 30 por cento do importe neto da cifra de negocios da entidade da zona especial canaria.

Para estes efectos, enténdese por creación neta de emprego o número de postos de traballo netos creados no ámbito xeográfico da zona especial canaria desde a inscrición da entidade da zona especial canaria, excluídas, se for o caso, as incorporacións dun cadro de persoal anterior.

As variacións na creación neta de emprego producirán efecto no exercicio impositivo en que se produzan.»

Trinta e nove. O artigo 72 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 72. *Réxime xurídico aplicable ás zonas francas canarias.*

Como parte da estratexia de promoción das Canarias como plataforma atlántica, poderanse establecer zonas francas en todo o territorio das illas Canarias, de acordo co disposto no Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código aduaneiro da Unión, e na súa normativa de desenvolvemento.

A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias asegurarán a suficiencia e a autonomía financeira das zonas francas.»

Corenta. Dáse nova redacción á disposición adicional terceira, que queda redactada co seguinte contido:

«Disposición adicional terceira. *Réxime especial das comunidades de augas e herdamentos das Canarias.*

1. As comunidades de augas e herdamentos das Canarias, reguladas pola Lei do 27 de decembro de 1956, continuarán exentas do imposto sobre sociedades, sen prexuízo da tributación que deban soportar os partícipes e comuneiros no imposto sobre a renda das persoas físicas ou sociedades, segundo corresponda, e dos deberes de colaboración coa Facenda pública española establecidos na Lei xeral tributaria.

2. Non obstante o disposto no número anterior, en ningún caso se considerará renda suxeita ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre sociedades a entrega aos seus partícipes ou comuneiros da auga que corresponda á súa cota de participación no condominio. Tampouco se xerará renda suxeita aos mencionados impostos respecto da auga descuberta polas comunidades de augas e herdamentos das Canarias que os comuneiros destinen á rega das súas explotacións agrarias.

3. A renda obtida polos comuneiros ou partícipes contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas terá a consideración de rendementos da actividade económica cando derive da transmisión a terceiros da auga descuberta polas comunidades de augas e herdamentos das Canarias e de rendemento do capital mobiliario aos cales se refire o número 4 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, cando derive da cesión temporal a terceiros dos seus dereitos de aproveitamento sobre as augas na participación ou cota indivisa que sobre elas sexa da súa titularidade.

En ambos os casos, para o cálculo do rendemento neto terán a consideración de gasto deducible as cotas satisfeitas durante o período impositivo pola súa pertenza á comunidade ou ao herdamento que proporcionalmente corresponda á auga transmitida ou aos dereitos de aproveitamento sobre as augas subterráneas cedidos, co límite dos rendementos íntegros obtidos no dito exercicio por tal transmisión ou cesión. O exceso poderase deducir nos catro anos seguintes, sen que poida exceder, conxuntamente cos gastos por estes mesmos conceptos correspondentes a cada un destes anos, a contía dos rendementos íntegros obtidos en cada un deles pola transmisión da auga descuberta ou a cesión temporal de tales dereitos.

Respecto dos comuneiros ou partícipes contribuíntes do imposto sobre sociedades, integrarase na base imponible dese imposto a renda xerada con ocasión da venda da auga descuberta ou a cesión temporal a terceiros dos seus dereitos de aproveitamento sobre as augas na participación ou cota indivisa que sobre elas sexa da súa titularidade. Os importes satisfeitos en concepto de cotas pola súa pertenza á comunidade ou herdamento que proporcionalmente correspondan á auga transmitida ou aos dereitos de aproveitamento cedidos terán o carácter de gasto fiscalmente deducible.

4. As transmisións *inter vivos* e *mortis causa* de participacións en comunidades e herdamentos estarán exentas dos tributos que gravan o tráfico de bens.

5. As comunidades de augas e herdamentos das Canarias quedan exentas do imposto sobre actividades económicas pola actividade consistente na captación, tratamento e distribución de auga para núcleos urbanos.»

Corenta e un. Modifícase a disposición adicional cuarta, dedución por investimentos nas Canarias, co seguinte texto:

«Disposición adicional cuarta. *Dedución por investimentos nas Canarias.*

A alínea b) do artigo 94 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, queda redactada da seguinte forma:

b) Dedución por investimento nas Canarias, terá por límite máximo a porcentaxe que a seguir se indica da cota líquida resultante de minorar a cota íntegra no importe das deducións por dobre imposición e, se for o caso, as bonificacións previstas no artigo 25 da Lei 61/1978, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades. Tal porcentaxe será sempre superior nun 80 % á que para cada modificación da dedución por investimentos se fixe no réxime xeral cun diferencial mínimo de 35 puntos porcentuais. Non obstante, nas illas de La Palma, La Gomera e El Hierro, o tope mínimo do 80 % incrementarase ao 100 % e o diferencial mínimo

pasará a 45 puntos porcentuais cando a normativa comunitaria de axudas de Estado así o permita e se trate de investimentos previstos na Lei 2/2016, do 27 de setembro, e demais leis de medidas para a ordenación da actividade económica destas illas.»

Corenta e dous. Modifícase a disposición adicional décimo cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Límites das deducións por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais realizadas nas Canarias.*

O importe da dedución por investimentos en producións españolas de longametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental a que se refire o número 1 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, non poderá ser superior a 5,4 millóns de euros cando se trate de producións realizadas nas Canarias.

O importe da dedución por gastos realizados en territorio español por producións estranxeiras de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais a que se refire o número 2 do artigo 36 da Lei 27/2014 non poderá ser superior a 5,4 millóns de euros cando se trate de gastos realizados nas Canarias.

Con respecto ao importe mínimo de gasto que fixa o número 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, en caso de execución de servizos de posprodución ou animación dunha produción estranxeira, os gastos realizados nas Canarias deberán ser superiores a 200.000 euros.

O importe da dedución por gastos realizados na produción e exhibición de espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais a que se refire o número 3 do artigo 36 da Lei 27/2014 non poderá ser superior a 900.000 euros cando se trate de gastos realizados nas Canarias.»

Corenta e tres. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018, engádese unha nova disposición adicional décimo cuarta bis coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta bis. *Imposto sobre sociedades. Aplicación do réxime de consolidación fiscal a entidades con sucursais na zona especial canaria.*

A aplicación do tipo de gravame especial establecido no artigo 43 desta lei no caso de sucursais da zona especial canaria de entidades con residencia fiscal en España non impedirá a estas entidades formaren parte dun grupo fiscal que aplique o réxime de consolidación fiscal previsto no capítulo VI do título VII da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Non obstante o anterior, a parte da base imponible da entidade que forme parte dun grupo fiscal e que sexa atribuíble á sucursal da zona especial canaria non se incluírá na base imponible individual da entidade para efectos da determinación da base imponible do grupo fiscal e será obxecto de declaración separada nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Corenta e catro. Engádese unha nova disposición transitoria sétima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima.

O incremento até o 50 por cento da redución na tarifa dos servizos regulares do transporte de viaxeiros dos traxectos marítimos interinsulares establecido no artigo 6.1.a) aplicarase a partir de 2018.»

Corenta e cinco. Modifícase o anexo a que se refire o artigo 31.2 c) da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias.

«ANEXO

Lista de actividades económicas (segundo a clasificación NACE Rev.2)

- 01.28 Cultivo de plantas medicinais e farmacéuticas.
- 03. Pesca e acuicultura.
- 10. Industria da alimentación.
- 11. Fabricación de bebidas.
- 12. Industria do tabaco.
- 13. Industria téxtil.
- 14. Confección de roupa de vestir.
- 15. Industria do coiro e do calzado.
- 16. Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestaría e espartaría.
- 17. Industria do papel.
- 18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
- 20. Industria química.
- 21. Fabricación de produtos farmacéuticos.
- 22. Fabricación de produtos de caucho e plásticos.
- 23. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.
- 24. Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes.
- 25. Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento, salvo 25.4 Fabricación de armas e municións.
- 26. Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.
- 27. Fabricación de material e equipamento eléctrico.
- 28. Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.p.
- 30.12 Construción de embarcacións de lecer e deporte.
- 30.3 Fabricación de vehículos aéreos de control remoto.
- 30.92 Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade.
- 31. Fabricación de mobles.
- 32. Outras industrias manufactureiras.
- 33. Reparación e instalación de maquinaria e equipamento.
- 35.1 Produción, transporte, distribución e comercialización de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables.
- 36. Desalinización e desalgadura de auga a partir de enerxías renovables.
- 37. Recolla e tratamento de augas residuais.
- 38. Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización.
- 39. Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos.
- 41.20 Rehabilitación, reforma, remodelación ou renovación de edificios ou espazos. Montaxe *in situ* de construcións prefabricadas...
- 45. Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, salvo venda retalista de vehículos de motor e motocicletas e de recambios e accesorios duns e outras clasificados en 45.1, 45.32 e 45.4.
- 46. Comercio grosista e intermediarios de comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas.
- 49. Transporte terrestre e por tubaxe.
- 50. Transporte marítimo e por vías navegables interiores.
- 51. Transporte aéreo.
- 52. Almacenamento e actividades anexas ao transporte.
- 53. Actividades postais e de correos.
- 58. Edición.
- 59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical, excepto 59.14 Actividades de exhibición cinematográfica.

- 61. Telecomunicacións.
- 62. Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.
- 69. Actividades xurídicas e de contabilidade.
- 70. Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial.
- 71. Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas.
- 72. Investigación e desenvolvemento.
- 73. Publicidade e estudos de mercado.
- 74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.
- 77.4 Arrendamento da propiedade intelectual e produtos semellantes, excepto traballos protexidos polos dereitos de autor.
- 78. Actividades relacionadas co emprego.
- 79. Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas.
- 80. Actividades de seguranza e investigación.
- 82. Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas.
- 85.32 Educación secundaria técnica e profesional.
- 85.4 Educación postsecundaria.
- 85.5 Outra educación.
- 85.6 Actividades auxiliares á educación.
- 86.9 Outras actividades sanitarias.
- 87.1 Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios.
- 90.2 Actividades auxiliares ás artes escénicas.
- 90.4 Xestión de salas de espectáculos.
- 93.11 Xestión de instalacións deportivas.
- 93.19 Outras actividades deportivas.
- 93.21 Actividades dos parques de atraccións e parques temáticos.
- 93.29 Outras actividades recreativas e de entretemento.
- 96.04 Actividades de mantemento físico.

Igualmente, resultarán de aplicación aquelas actividades que, figurando na lista de actividades do anexo do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, e outras normas tributarias, non aparezan recollidas no anexo arriba reproducido, cando tal exclusión obedeza exclusivamente ao cambio de código correspondente a tales actividades motivado pola substitución da clasificación NACE Rev.1.1 pola clasificación NACE Rev.2.

Naqueles supostos en que a denominación da actividade non coincida integramente coa do correspondente código NACE, prevalecerá aquela.

Para cada unha das actividades 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 22, 23, 25, 26, 27, 28, 30.12, 30.3, 30.92, 31 e 32, inclúense as actividades de aluguer ou aquelas outras que sexan desenvolvidas polos fabricantes para a posta en circulación da súa propia produción.

Os centros de coordinación e servizos intragrupo encóntranse excluídos das actividades comprendidas nas categorías 70.10 «Actividades das sedes centrais» ou 70.22 «Outras actividades de consultoría de xestión empresarial.»»

Artigo dous. *Deducións e bonificacións en apoio ao emprendemento e á actividade económica nas Canarias.*

Engádese un novo artigo, baixo o número 94 bis, na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal das Canarias, cuxo contido é o seguinte:

«Artigo 94 bis. *Deducións de apoio ao emprendemento e actividade económica aplicables nas Canarias.*

As entidades que contraten un traballador para realizar a súa actividade nas Canarias terán dereito ao desfrute dos beneficios fiscais que por creación de emprego estableza a normativa fiscal conforme os requisitos que nela se establezan, incrementándoos nun 30 %.»

Artigo tres. *Modificación do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias.*

Un. Modifícase o número 2 da disposición adicional segunda do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2015, a aplicación dos beneficios fiscais que teñan a consideración de axudas rexionais ao funcionamento establecidos no libro II e no artigo 94 da Lei 20/1991, na Lei da Comunidade Autónoma de Canarias 4/2014, do 26 de xuño, pola que se modifica a regulación do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias, nos artigos 26 e 27 e no título V da Lei 19/1994, e na disposición adicional décimo segunda da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, así como as axudas ao transporte de mercadorías comprendidas no ámbito do Real decreto 362/2009, do 20 de marzo, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías non incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias, e da Orde do 31 de xullo de 2009 do conselleiro de Obras Públicas e Transportes do Goberno de Canarias, pola que se aproban as bases de vixencia indefinida para a concesión de subvencións ao transporte interinsular de mercadorías non incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, estarán suxeitas ao límite do 30 por cento do volume de negocios anual do beneficiario obtido nas illas Canarias.»

Dous. Modifícase a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/2014, do 19 de decembro, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Control das axudas estatais.*

A acumulación das axudas obtidas en virtude de todos os incentivos aplicables no marco do réxime económico e fiscal das Canarias, así como daqueles outros, calquera que for a súa natureza, que teñan a consideración de axudas de Estado, será obxecto dun sistema de seguimento e control.

Con respecto ao arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Canarias, para o cálculo da base imponible para efectos das axudas de Estado nas entregas interiores computarase o importe agregado do imposto que se devindicase no exercicio en caso de non ter resultado aplicable a exención nas entregas interiores establecida no número 4 do artigo 2 da Lei 4/2014, do 26 de xuño, da Comunidade Autónoma de Canarias.

A cuantificación do importe agregado do dito imposto realizarase aplicando o tipo impositivo correspondente á base imponible que resulte da aplicación do disposto na regra 2.^a do número 1 do artigo 23 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico e fiscal das Canarias, minorado:

a) polo importe das cotas do arbitrio que soportasen nas adquisicións ou importacións realizadas no exercicio polas cales tivesen dereito á devolución conforme o artigo 85 da Lei 20/1991, do 7 de xuño;

b) e polo importe das cotas que soportasen nas adquisicións de bens cuxas entregas interiores estivesen exentas do arbitrio de acordo co artigo 2.4 da Lei 4/2014, cuantificadas tamén de acordo coa regra 2.^a do número 1 do artigo 23 da Lei 20/1991.

Para estes efectos, os beneficiarios deberán presentar unha declaración informativa relativa ás distintas medidas ou réximes de axudas utilizadas. Esta declaración incluírá información detallada dos aludidos incentivos, que serán obxecto de comprobación.

O reintegro do exceso da axuda e a imposición da citada sanción efectuaranse conforme os procedementos correspondentes en función da natureza da axuda.

Regulamentariamente dítanse as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido nesta disposición adicional e, en particular, as de atribución da competencia para a realización do control a que ela se refire.»

Artigo catro. *Pagamentos fraccionados das entidades inscritas no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional décimo cuarta da Lei 27/2014, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes... (igual).

a) A cantidade a ingresar... (igual).

Quedará excluído... (igual).

No caso de... (igual).

No caso de empresas navieiras a que resulte de aplicación a bonificación establecida no artigo 76, números 1 e 2, da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non bonificadas.

No caso das empresas navieiras que tributan polo réxime especial en función da tonelaxe establecida no capítulo XVI desta lei, os pagamentos fraccionados calcularanse sobre o importe da base imponible obtida conforme o establecido no artigo 114.1 desta lei.

O disposto... (igual).»

Disposición adicional primeira. *Subvencións ao transporte de mercadorías na Comunidade Autónoma de Canarias.*

Un. A porcentaxe do 70 por 100 regulada nos artigos 3 e 4 do Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias, e nos artigos 3 e 4 do Real decreto 362/2009, do 20 de marzo, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías non incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias, queda establecida no 100 por 100.

Dous. As limitacións establecidas nos artigos 7 e 13.1 do Real decreto 170/2009, e os artigos 8 e 15.1 do Real decreto 362/2009, entenderanse sen efecto sempre que os créditos orzamentarios afectados sexan declarados ampliables nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional segunda. *Simplificación de trámites aduaneiros coas Canarias como territorio fiscal especial.*

No marco do Código aduaneiro da Unión e nas súas normas de desenvolvemento, o Goberno de España ditará as oportunas disposicións e adoptará as medidas administrativas e técnicas precisas para que, como máximo o día 1 de xaneiro de 2019, e no ámbito do

comercio de mercadorías da Unión entre as Canarias e o resto de España, excepto Ceuta e Melilla, sexa efectiva a aplicación de simplificacións no cumprimento das obrigacións e formalidades aduaneiras; en particular, levaranse a cabo as necesarias adaptacións no sistema informático que dá soporte ao «portelo único aduaneiro» de presentación de declaracións de importación e exportación e aduaneiras nas Canarias.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de novembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN